



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUNHA PERSOA DESEMPREGADA PARA O POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, AO ABEIRO DO PROGRAMA APROL RURAL GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO, 2026 (EXP. 2026/E001/000002)

En Ponteceso, sendo ás 10:30 horas do día 16 de xuño de 2026 no salón de Plenos da Casa do Concello, comparecen os membros do tribunal que xulga o proceso selectivo para a selección e contratación dunha persoa desempregada para cubrir 1 posto de auxiliar administrativo/a, ao abeiro do Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, 2026.

Constitúese o tribunal nesta data e hora asistindo os titulares do mesmo:

Presidente: D^o Rubén Pérez Cotelo, coordinador de Seguridade, Emerxencias, Protección Civil e do GES de Ponteceso.

Vogais:

1^o: D^o. Alejandro Rodríguez Cruz, persoal laboral fixo, condutor de obras e servizos do Concello de Ponteceso

2^o D^a M^a Isabel Amado Rodríguez, persoal do GES de Ponteceso

3^o D^o Carlos Andrade Castro, funcionario, policía local de Ponteceso.

Secretaria: D^a. María José Sueiro Pose, funcionaria, auxiliar administrativa do Concello de Ponteceso.

A convocatoria e as bases aprobáronse pola resolución de Alcaldía núm. 337/2026, do 27 de maio de 2026, publicándose o anuncio no BOP núm. 102, do 2 de xuño de 2026, taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Pola resolución núm. 365/2026 do 12-06-2026 aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeouse aos membros do tribunal cualificador e fixouse a data de realización do 1^o exercicio da fase de oposición, cuestionario tipo test

O tribunal acorda formar o cuestionario tipo test correspondente ao primeiro exercicio, composto de 40 preguntas e 5 de reserva, con tres posibles respostas, en lingua galega e castelá. O tempo para a realización da proba será de 60 minutos e a puntuación máxima será de 20 puntos, a razón de 0,50 puntos por cada pregunta correcta. Os aspirantes para superar este exercicio deberán acadar un mínimo de 10 puntos, quedando excluídos os que obteñan unha puntuación inferior. Este exercicio é obrigatorio e ten carácter eliminatorio.

Sendo as **11:35 horas** realízase o chamamento aos aspirantes admitidos no proceso selectivo, co seguinte resultado:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PRESENTADO
1	COTON CASTROMIL, DOLORES	***6836**	SI
2	FACAL FUENTES, DESIREE	***3714**	SI



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PRESENTADO
3	FERNANDEZ PREGO, CARLOS EULOGIO	***4924**	SI
4	PET MARTINEZ, ALBERTO MANUEL	***1641**	SI
5	VECINO CARABEL, MAICA	***3728**	SI
6	VIDAL SUAREZ, ENMA SOFIA	***2693**	SI

Ás 11:40 horas dá comezo o 1º exercicio, dispoñendo os aspirantes ata as 12:40 horas para o seu desenvolvemento.

Rematada a proba, o tribunal procede á súa corrección, sendo a puntuación outorgada e acadada polos/as aspirantes a seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN 1º EXERCICIO
COTON CASTROMIL, DOLORES	***6836**	17
FACAL FUENTES, DESIREE	***3714**	18
FERNANDEZ PREGO, CARLOS EULOGIO	***4924**	11,5
PET MARTINEZ, ALBERTO MANUEL	***1641**	19
VECINO CARABEL, MAICA	***3728**	11
VIDAL SUAREZ, ENMA SOFIA	***2693**	12

Rematada a valoración do primeiro exercicio o tribunal, por unanimidade, acorda:

1º Publicar esta acta xunto coa plantilla de respostas correctas no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.pontevedra.gal/sxc/es/informacion/>) e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para os efectos de publicidade e xeral coñecemento, outorgando aos aspirantes un prazo de **2 días hábiles**, contados desde o seguinte ao da publicación das cualificacións, aos efectos da presentación de reclamacións ou alegacións ás puntuación provisionais.

2º Convocar aos aspirantes para a realización do **2º exercicio** da fase de oposición, proba práctica, o **luns 22 de xuño de 2026**, ás **12:00 horas**, no salón de Plenos da Casa do Concello e ás **12:40 horas** para a realización do **3º exercicio** (proba de galego), só para aqueles candidatos que non acreditasen o coñecemento da lingua galega.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
concello@pontevedra.gal
www.pontevedra.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

O presidente do tribunal dá por finalizada a reunión, sendo as 12:55 horas do día 16 de xuño de 2026, redactándose a presente acta, que asinan electronicamente todos os membros do tribunal, do que eu, secretaria, dou fe.

Polo tribunal,

O presidente:

A secretaria:

Rubén Pérez Cotelo

M^a José Sueiro Pose

Os vogais:

Alejandro Rodríguez Cruz

M^a Isabel Amado Rodríguez Carlos Andrade Castro

CVD: sDK0z4DF0570zJD3WcgM Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.pontevedra.gal/>